

BASES COMPETICIÓN SUPERCOPA GALICIA MASCULINA

(APROBADAS POLA ASAMBLEA XERAL O 10 DE XULLO DE 2021)

EQUIPOS PARTICIPANTES: Nesta competición participan os dous equipos que na tempada 2020/21 competiron na Liga ASOBAL, os tres equipos de División de Honra Prata Masculina e os tres equipos galegos mellor clasificados na categoría de 1ª Nacional Masculina.

CATEGORÍA	EQUIPO
ASOBAL	Frigoríficos del Morrazo- Club Balonmán Cangas
DH Prata Maculina	Bm. Cisne
DH Prata Maculina	Atl. Novás
DH Prata Maculina	SD. Teucro
1ª Nacional Masculina	Disiclín Lalín
1ª Nacional Masculina	Calvo Xiria
1ª Nacional Masculina	Rodosa Chapela
1ª Nacional Masculina	Bm. Saeplast Cañiza

FORMATO DE COMPETICIÓN:

Todos os equipos participantes entrarán nunha eliminatoria de cuartos de final, sendo cabezas de serie e indo por diferentes partes do cadro os equipos das dúas categorías superiores. Os equipos de 1ª Nacional serán encadrados por orde de clasificación na eliminatoria de cuartos; os encontros sempre se disputarán na sede do equipo de menor categoría ou peor clasificados na tempada 2020/21.

CUARTOS DE FINAL (15 - 22 Agosto)		
ELIMINATORIA	LOCAL	VISITANTE
A	Bm. Saeplast Cañiza	F. Morrazo - Bm. Cangas
B	Disiclín Lalín	SD. Teucro
C	Rodosa Chapela	Bm. Cisne
D	Calvo Xiria	Atl. Novás Valinox

SEMIFINAIS (4 - Setembro)			
ELIMINATORIA	LOCAL	VISITANTE	HORARIO
SEMIFINAL 1	Gañador A	Gañador B	17:00
SEMIFINAL 2	Gañador C	Gañador D	19:00

FINAL (5 - Setembro)			
ELIMINATORIA	LOCAL	VISITANTE	HORARIO
FINAL	Gañador Semifinal 1	Gañador Semifinal 2	19:00

As semifinais e a final serán xogadas nunha mesma sede elixida pola FGBm. E as datas da mesma poden variar dependendo do inicio da Liga ASOBAL e Guerreiras Iberdrola) para que coincidan as finais das Supercopas e Copas.

CRITERIOS DE DESEMPATE EN TODAS AS ALIMINATORIAS:

- NOREBA-GA

CONSIDERACIÓNS IMPORTANTES:

A participación na Copa e Supercopa Galicia será de carácter obrigatorio para todos os clubs implicados; no caso de que calquera club renuncie a participar ou realice calquera acto que adultere a competición (acudir co equipo filial, non presentarse a algún encontro, pactar resultados, etc...), a FGBm informará á Secretaría Xeral Para o Deporte para que se tomen as medidas oportunas, ademais, calquera desas dúas circunstancias implicarán a mesma sanción que a retirada dun equipo en calquera competición oficial, a sanción será emitida polo Comité de Competición da FGBm.

O Seguro Deportivo obrigatorio entrará en vigor o 1 de Agosto de 2021, todos os xogadores/ase staff deberán ter o seguro correctamente tramitado para a disputa desta competición.

PROTOCOLO COVID

Todos os equipos deben cumprir coa normativa autonómica para o deporte federado, marcada pola Xunta de Galicia en cada momento. Actualmente, aos equipos de categoría nacional permíteselles realizar actividade federada sempre e cando acrediten a realización de test de antíxenos cada 14 días, mentres que os equipos de categoría autonómica se guían polo protocolo FISICOVID-DXT GALEGO da Federación Galega de Balonmán, no que se establece o uso da máscara.

Nesta competición, en aras de que os equipos compitan en igualdade de condicións todos os/as deportistas e corpo técnico deben posuír un certificado médico que acredite a realización dun test de antíxeno ou PCR (negativa) dentro das 48 horas anteriores á disputa do encontro.